

ECO DOS TEIXOS

ECO-EXPERIENCIA

O TEIXADAL DE CASAIO E PINTURAS RUPESTRES

Localización

Casaio, Carballada de Valdeorras

Duración

3 días, 2 noites

Dispoñibilidade

Todo o ano (segundo dispoñibilidade do albergue)

Equiamento

Roupa cómoda e adecuada para montaña. Calzado de sendeirismo. Mochila para transportar auga e alimentos

Grao de dificultade

Moderado

Inclúe

- > 2 noites de aloxamento con almorzo no albergue Eco dous Teixos
- > Actividades guiadas por un experto en interpretación ambiental
- > Traslado en 4x4 ata os puntos de inicio das rutas
- > Seguro de responsabilidade civil.

Non inclúe

- > Comidas ou ceas (pódese organizar menú ou pícnic baixo petición).

Descrición da actividade

Esta eco-experiencia de 3 días e 2 noites é unha inmersión total na natureza e a historia da Serra de Trevinca. A través de rutas guiadas, interpretacións da paisaxe e unha combinación de aventura e cultura, exploraremos dous enclaves únicos:

- > O **Teixadal de Casaio**, un bosque milenario coa maior concentración de teixos da península ibérica, e hábitat de especies como o lobo e o aguia real.
- > As **pinturas rupestres de San Xil**, o maior conxunto de arte prehistórica descuberta en Galicia, con máis de 4.000 anos de antigüidade.

As persoas participantes descubrirán os valores ecolóxicos, históricos e culturais destas paisaxes únicas, guiados por un especialista en interpretación da natureza.

Día 1: Chegada e benvida

Mañá/tarde: Chegada a Eco dous Teixos e acomodación en habitación de matrimonio ou colectiva. Tempo libre para relaxarse e familiarizarse coa contorna. Posibilidade de realizar unha camiñada curta nos arredores do albergue.

Noite: Cea libre e descanso para a gran aventura do día seguinte.

Día 2: Ruta ao Teixadal de Casaio e taller de arte en lousa

09:30 hs. Saída en 4x4 ata o punto de inicio da ruta con paradas interpretativas.

10:30 hs. Ruta a pé (6 km), explorando o bosque do Teixadal. Interpretación da flora e fauna autóctona. Conexión coa historia deste ecosistema milenario.

14:00 hs. Descanso e pícnic en plena natureza (opcional, con reserva previa).

16:00 hs. Regreso ao albergue e tempo de descanso.

17:30 hs. Taller de arte en lousa con Ada Palla: 2 horas de pintura para grandes e cativos, conexión coa arte natural.

Noche: Cea libre e descanso.

Día 3: Ruta San Xil e pinturas rupestres

09:30 hs. Saída en 4x4 ata San Xil, no profundo da serra de Trevinca.

10:30 hs. Inicio da ruta (4 km) con paradas interpretativas: Historia do Ermitán San Xil (século XII), quen habitou esta zona en total comunión coa natureza. Visita a Pala de Cabras, o maior conxunto de pinturas rupestres de Galicia. Percorrido pola ribeira do río, descubriendo a biodiversidade e a exuberante vexetación da contorna.

14:00 hs. Comida/pícnic en refuxio de montaña. (opcional, con reserva previa).

15:30 hs. Regreso ao albergue e peche da experiencia.

Prácticas ecoamigables

- > Fomento do turismo responsable, respectando a flora e fauna do Teixadal e San Xil.
- > Política de "non deixar rastro", promovendo a recolección de residuos.
- > Consumo responsable de auga e enerxía durante a estancia no albergue.
- > Apoio á economía local mediante o consumo de produtos de proximidade.

ECO DOS TEIXOS

ECO-EXPERIENCIA TEIXADAL DE CASAIO E PINTURAS RUPESTRES



+34 669 724 206

info@ecodosteixos.com

www.ecodosteixos.com

Ecodosteixos

Eco dos Teixos

instagram.com/ecodosteixosalbergue